




Avenida da Ópera. Cadro de Camille Pissarro.

ÍNDICE

1 Unha sociedade en expansión

1. Os cambios demográficos
2. A repoboación das «novas Europas»
3. O crecemento das cidades

2 O universo social

1. De estamentos a clases
2. As elites dominantes: nobrezas e burguesías
3. As clases traballadoras: campesiños e obreiros

3 Pensamento social e organización obreira

1. Doutrinas sociais
2. As primeiras accións colectivas
3. Sindicatos e partidos obreiros
4. As Internacionais obreiras

A dobre revolución acontecida a finais do século XVIII tivo consecuencias decisivas na organización da sociedade contemporánea. A división estamental deixou paso a unha estrutura social de **clases**, onde novas capas sociais adquiriron un grande protagonismo: a burguesía e o proletariado. Pero ademais desta modificación estrutural, a sociedade do século XIX caracterizouse pola extraordinaria expansión dos seus efectivos demográficos, o desprazamento dunha parte deles a través dunha intensa riada emigratoria desde Europa cara a América e o inicio dun proceso de éxodo rural.

Estas modificacións sociais obrigaron a unha toma de conciencia sobre a situación social de boa parte da poboación. Naceron así as primeiras doutrinas sociais, preocupadas polo crecente pauperismo das clases traballadoras. Ó mesmo tempo organizáronse os sindicatos modernos, os partidos obreiros e o movemento de solidariedade supranacional, expresado nas **Internacionais obreiras**.

1 Unha sociedade en expansión

1. Os cambios demográficos

A principios do século XIX a poboación europea estaba formada por preto de 200 millóns de habitantes, o que supoñía un 20,4 % do total mundial. Unha centuria máis tarde, a poboación europea estaba máis que duplicada, e a súa participación no conxunto mundial ascendera ó 25,8 %. Tendo en conta a elevada emigración de europeos a América (arredor de 30 millóns de persoas entre 1870 e 1914), resulta evidente o dinamismo demográfico europeo que acompañou o seu proceso de industrialización.

A xeografía deste crecemento poboacional non é, sen embargo, uniforme. Foi especialmente débil en países como Francia (que pasou de 28,2 a 40,7 millóns de habitantes no século), moderado na Europa mediterránea (Italia e España case duplicaron os seus efectivos) e moito máis elevado na Europa do norte, onde algúns países, como Dinamarca e Gran Bretaña, triplicaron a súa poboación.

Pero ademais destes aspectos cuantitativos, convén coñecer algúns dos trazos cualitativos da demografía europea.

■ O ciclo demográfico moderno



A poboación europea experimentou ó longo do século XIX o tránsito cara a un **ciclo demográfico moderno**, proceso iniciado xa desde mediados do século XVIII e consolidado na primeira metade do XIX. A poboación nas épocas preindustriais tendía a manterse estable, malia as altas taxas de natalidade, por efectos das crises de subsistencia, grandes fames e epidemias, que provocaban mortalidades catastrófi-

cas, unha elevada mortalidade infantil (nalgúns épocas, a metade dos nados morría antes de facer un ano) e unha curta esperanza de vida.

A transición cara a un sistema demográfico moderno baséase en dous supostos. No mantemento, durante algunhas décadas, dunha elevada taxa de natalidade (superior ó 40 ‰) e na redución drástica das taxas de mortalidade. Nas primeiras fases, reduciuse a mortalidade de carácter catastrófico e, máis tarde, a mortalidade infantil. Isto foi o que sucedeu en Europa desde finais do século XVIII.


O descenso da mortalidade, que se produciu «nalgún momento entre 1750 e 1800» (A. Armengaud), está en relación con varios fenómenos concorrentes. Así está en relación cunha mellor alimentación, froito das primeiras fases da revolución agrícola e da introducción de novos cultivos (o millo e a pataca), que permitiron suprimi-lo azoute da fame, agás casos illados como o de Irlanda en 1846. E, de forma paralela, con notables avances no campo da medicina, co descubrimento de **vacinas** (en 1796 E. Jenner descubriu a vacina contra a varíola) como medida preventiva de enfermidades endémicas, así como procedementos de maior **asepsia** (esterilización, desinfección...). Ó mesmo tempo, producíronse avances no campo da **hixiene** e estendeuse o establecemento de hospitais, substitutivos das vellas «casas de misericordia».

A natalidade europea descendeu moi lentamente ata 1875, excepto en países como Francia, e mantívose aínda en taxas elevadas (en torno ó 40 ‰) nas rexións orientais. A partir desta data, a tendencia descendente da natalidade europea é unha constante ata a actualidade.



DOC. 1 Evolución da esperanza media de vida.

DOC. 2 Fases da transición demográfica.



DOC. 3 *Familia Hemptinne*, de François J. Navez, exemplo do novo modelo de familia nuclear.

■ O novo modelo familiar

A industrialización estivo acompañada pola creación dun novo modelo de familia con dous trazos principais:

- O predominio da familia «nuclear» composta unicamente polos pais cos seus fillos, fronte á familia «extensa», onde varios matrimonios convivían baixo o mesmo teito.
- A chegada ó matrimonio en idade tardía, en torno ós 25-30 anos, case un lustro máis tarde ca en Asia ou América, feito que supoñía, á súa vez, unha maior proporción de persoas célibes.


O maior predominio deste modelo familiar encóntrase ó occidente dunha liña que vai desde Trieste ata o Báltico, case coincidente coa división entre unha Europa occidental e outra oriental.

As consecuencias que esta estrutura familiar tivo na configuración dunha sociedade industrial son moi profundas e son aínda perceptibles na actualidade. Entre estas consecuencias, cabe destacar en especial a existencia dunha grande **reserva de forza de traballo**, incluída a feminina, disposta á mobilidade, á especialización e á ocupación no traballo artesanal e industrial.

■ A diversificación ocupacional

A industrialización provocou un importante desprazamento da poboación desde as actividades agrícolas cara ás propias do sector manufactureiro; este proceso foi especialmente intenso nos países europeos occidentais. Cara a 1911, só o 8 % da poboación activa se ocupaba en Inglaterra da agricultura; pero incluso en países como Alemaña e Francia, os activos agrarios eran xa claramente inferiores ós dos outros dous sectores. Ademais, produciuse o abandono definitivo dos campos europeos por parte de millóns de campesiños, en dirección ós países americanos ou ás cidades europeas, que experimentaron desde finais do século XIX unha nova fase expansiva.


Pero a novidade máis importante foi a progresiva **terciarización** da estrutura ocupacional da poboación. Isto foi froito non só da urbanización, senón tamén do crecemento das tarefas administrativas, dos comezos dunha sociedade de consumo de masas e da incipiente incorporación da muller ó mercado laboral: unha cuarta parte da poboación feminina europea traballaba fóra de casa cara a 1914.



DOC. 4 Evolución da estrutura ocupacional en Gran Bretaña.

2. A repoboación das «novas Europas»

Durante o século XIX a poboación mundial viuse suxeita a desprazamentos ata daquela nunca vistos. No interior de Europa houbo importantes ondas migratorias en diferentes direccións. Dos campos ás cidades, de forma xeral; dalgúñas rexións máis atrasadas cara ás industrializadas, como é o caso da migración de irlandeses a Inglaterra, de mediterráneos a Francia e de polacos a Alemaña. Fóra de Europa, foi importante o desprazamento de asiáticos cara ós países da costa do Pacífico, así como a instalación (non voluntaria) en América de millóns de persoas de raza negra, de procedencia africana, froito do comercio escravista.



DOC. 5 Emigración europea a América no século XIX.

Pero a gran epopea migratoria é a constituída pola **emigración transoceánica** europea cara ás que se chamaron «novas Europas», especialmente os Estados Unidos. A vitalidade demográfica europea non só permitiu duplica-la súa poboación interna, senón que desprazou a outros continentes máis de 50 millóns de habitantes entre 1815 e 1930. O dominio europeo do mundo exprésase a través desta capacidade para repoboar novos territorios. Esta intensidade migratoria, débil ata mediados de século, adquiriu un carácter masivo a partir de 1880, para alcanza-lo seu cume nos anos anteriores á Primeira Guerra Mundial (dous millóns no ano 1910).

Esta ondata supón o maior transvasamento de poboación en toda a historia da humanidade. O abarataemento dos transportes marítimos e o apoio dos gobernos, tanto de saída coma de acollida, explica este enorme fluxo migratorio; pero tamén as crises agrarias (a fame irlandesa dos anos 1845-1848) e as miserables condicións de vida de millóns de campesiños europeos, que intentaron mellora-la súa existencia no estranxeiro.

A procedencia dos emigrantes non foi uniforme. Ó longo do tempo rexistrouse un desprazamento da súa orixe desde os países do norte de Europa cara ós do sur. A emigración europea de orixe británica e escandinava era a predominante ata o ano 1870, pero a partir desta data superouna a procedente de Europa central e oriental; desde finais de século e durante os primeiros decenios do século XX, foron os emigrantes de orixe mediterránea (Italia, España, Grecia e Turquía) os que ocuparon os camarotes dos transatlánticos.

Os destinos predilectos dos emigrantes foron, de forma principal, os Estados Unidos (32,6 millóns de

europeos, ós que habería que sumar, neste mesmo período, outros 4,7 millóns procedentes de Sudamérica), e, moi en segundo lugar, Brasil (4,3 millóns) e Arxentina (6,4 millóns), así como Canadá, Sudáfrica, Australia e Nova Celandia. En xeral, eran todas terras de clima temperado, similar ó europeo.

Esta transferencia de poboación tivo enormes consecuencias. A posta en explotación de novas terras abriu novos mercados, propiciou o fluxo de capitais e, ademais, favoreceu o desenvolvemento dunha economía de carácter mundial. A xuízo dalgúns historiadores, que fan depende-lo imperialismo do papel xogado pola poboación branca instalada nas colonias, esta emigración europea foi unha forza decisiva na construción dos imperios coloniais. Ó mesmo tempo, permitiu o tránsito das sociedades rurais europeas cara á urbanización e a industrialización. Unha das caras do dominio europeo do mundo é, xustamente, esta capacidade de poboar amplos territorios nun período histórico de grande expansión económica dentro do continente. Non é casual que o berce da industrialización sexa Gran Bretaña, o país que maiores continxentes migratorios achegou a este enorme transvasamento demográfico.

DOCUMENTO 6

A emigración a América

Alí abaixo, ó fondo de Hamburgo, en Veddel, imos velos emigrantes que parten cara a América do Norte. Son eles os que están na orixe da fortuna da compañía Hambourg Amerika. Son estes pobres diabros que, cos seus aforros estirados, lle permitiron construír á burguesía orgullosa da Hansa esta flota sen par que é hoxe a admiración do mundo.

Detrás, mulleres e fillas xantan con embutidos e arenques salgados e afumados que compraron nunha cantina próxima. Van cara a América coa esperanza e as ilusións dos 18 anos. Outras, máis formais, ocúpanse dos seus nenos de tres e catro anos, embutidos en grandes mantelos escoceses de flocos. Como peiteado, elas levan un pano anoado baixo o queixo e como vestido, saias de pano gris. En grupos pasean polas alamedas. Algúns levan os pés descalzos: os croatas; outros calzan botas de pregamentos: eslovacos e húngaros; todos parecen estar na flor da vida. Non se ve a penas ningún cincuentón.

Os nenos, toucados coa gorra de «moujik», aparentan aires de seriedade; as nenas van vestidas como mulleres maiores coas súas saias de indiana que lles chegan ata os talóns. No grande comedor, apertados uns contra outros sobre os bancos, diante de longas mesas de madeira, uns centenaes de emigrantes comen en fondas escudelas de ferro esmaltado unha espesa sopa de patacas na que nada un anaco de carne.

J. HURET
En Allemagne, París, 1908

3. O crecemento das cidades

O desprazamento da poboación rural cara ás cidades é unha consecuencia das reformas agrarias, da mellora das vías de comunicación e da ampliación dos establecementos industriais que, de xeito xeral, tenderon a situarse nas cidades. Produciuse deste xeito un intenso éxodo rural que provocou un descenso notable da porcentaxe de poboación activa no sector agrario, en beneficio do sector industrial e o dos servizos. O número de cidades europeas con máis de dez mil habitantes pasou de 364 en 1800 a máis de 1.700 en 1890 e a poboación urbana pasou do 10 % a case o 30 %.


A urbanización non foi un proceso homoxéneo. Na Europa noroccidental a taxa de urbanización alcanzaba a finais de século un 43 % da poboación, mentres que en Europa oriental se mantiña en torno ó 18 %. As diverxencias entre países eran así mesmo importantes. Inglaterra, cun 62 % de poboación urbana no ano 1890, podíase considerar xa un territorio plenamente urbanizado durante a segunda metade do século XIX; en cambio, nos países continentais, tan só Bélxica, Francia e Alemaña se situaban entre un cuarto e un tercio da poboación urbanizada nesa mesma data.

Hai unha evidente correlación entre industrialización e urbanización. Unha das razóns desta correlación é a situación dos centros fabrís nas propias cidades. Algúns núcleos urbanos situados en rexións altamente industrializadas, como Essen ou Düsseldorf na Renania alemá, ou Manchester, Liverpool e Leeds en Inglaterra, creceron vertixinosamente, e a súa poboación pasou duns poucos millares de habitantes a principios de século ata centos de miles ó termina-la centuria; pero tamén antigas capitais, como

Londres, Berlín e Budapest, se converteron en grandes centros industriais e residenciais. A cidade era tamén o centro de poder político (o caso de París en Francia é paradigmático) e o núcleo de poder económico.

A afluencia de poboación ás cidades propiciou, nun primeiro momento, un crecemento desordenado das mesmas. Os novos habitantes amoreábanse en barrios obreiros insalubres e contaminados, como os das cidades inglesas descritos por F. Engels. Pero, a partir de mediados do século XIX, comezou un proceso de transformación das cidades e naceu así propiamente unha **cultura urbana**. Un dos indicadores deste proceso urbanizador foi a construción do **ensanche** das cidades, que implicaba a necesidade de planifica-la súa expansión e a dotación dos servizos axeitados. Este problema obrigou á intervención dos gobernos no deseño das cidades. Foron numerosos os planos de ensanche e de actuación sobre a estrutura urbana, como sucedeu en Viena, Berlín, Estocolmo e Barcelona, que tivo unha expansión feita de acordo co **Plano Cerdá**.

O exemplo máis acabado deste urbanismo da época industrial é o de París, que encontrou no barón **Hausmann** o seu principal executor, en tanto que prefecto da cidade durante todo o Segundo Imperio. A actuación de Hausmann en París consistiu na realización das infraestruturas e servizos da grande urbe (sumidoiros, auga, enerxía, servizos de transporte, escolas, hospitais, etc.) e na construción dunha nova rede viaria, co tendido de grandes rúas ou bulevares. Isto supuxo a demolición de barrios enteiros, pero tamén o cambio máis drástico no urbanismo occidental, ó permitir combina-la actuación pública, mediante a expropiación de terreos edificables, coa actuación privada.



DOC. 7 A urbanización de París no século XIX, a partir de Haussmann.

2 O universo social

A sociedade europea do século XIX experimentou fortes transformacións, que se produciron de forma paralela ó proceso de industrialización.

As liñas mestras da evolución social son de diverso tipo. A primeira foi a rápida substitución da división estamental pola **sociedade de clases**, que permitía lograr unha maior **mobilidade social**, aspiración central da burguesía revolucionaria da primeira metade do século. A segunda é, sen dúbida, a progresiva substitución da hexemonía social e cultural exercida polas aristocracias terratenentes pola exercida polas burguesías; o proceso foi lento e, de feito, non puido concluírse ata a época da Primeira Guerra Mundial, que é o momento en que son derrotados definitivamente os rendistas agrarios europeos. Un terceiro aspecto novidoso da sociedade decimonónica é a emerxencia ó primeiro plano histórico das clases traballadoras, sobre todo industriais e artesás, pero tamén agrarias.

En conxunto, o que define o universo social da Europa do século XIX é a súa permanente mutación, a súa capacidade para modificar grupos e clases e a súa constante diversificación interna. As diferencias de riqueza entre as clases sociais eran moi grandes, pero a súa percepción social era aínda maior debido ós hábitos culturais herdados do Antigo Réxime, que privilexiaban a distinción aristocrática e a separación social. De aí que xa observara Alexis de Tocqueville, na súa descrición da democracia de América, o distinto que era o comportamento dos ricos en América respecto de Europa. Esta tendencia mantívose durante todo o século e pódese dicir que chega ata épocas recentes. Pódese resumir na afirmación se-

DOCUMENTO 8


A sociedade americana

Nos Estados Unidos incluso os cidadáns máis ricos prestan moita atención a non diferenciarse do pobo; ó contrario, achéganse a miúdo a el, escóitano con agrado e fálanlle tódolos días. Saben que os ricos nunha democracia teñen sempre necesidade dos pobres e que nas épocas democráticas os pobres poden ser seducidos máis polas boas maneiras que polas boas obras. Incluso o alcance das boas accións, que fai visible a diferenza das condicións de vida, produce unha irritación contida a quen beneficia. A sinxeleza das relacións, en cambio, exerce unha fascinación case irresistible: a súa familiaridade entusiasma e aínda a súa grosería non sempre desagrada.

A. TOCQUEVILLE

A democracia en América (2ª parte), 1840

guinte: a sociedade europea é máis igualitaria cá americana, pero en cambio exerce unha maior discriminación social, debido ó seu carácter menos democrático ca en América.



DOC. 9 Casa de pisos.

A diferenciación social marcábase máis en vertical —o edificio— ca en horizontal —o barrio ou o distrito—.

1. De estamentos a clases

A organización social propia do Antigo Réxime caracterizábase pola existencia de estamentos. Os individuos pertencentes a cada estamento definíanse en razón da súa orixe familiar, da súa riqueza ou da súa pertenza a unha institución determinada. Os tres estamentos clásicos eran a nobreza, o clero e o estado chan, que tiñan unhas diferencias que estribaban, entre outras razóns, na **desigualdade xurídica** das persoas, o que comportaba desigualdade económica.

Durante o século XVIII esta división comezou a fracturarse coa emerxencia da burguesía no seo do terceiro estado ou estado chan. Pero foi a partir da industrialización e a revolución liberal, coa proclamación da **igualdade xurídica** das persoas na Declaración dos Dereitos do Home, cando as relacións sociais se estableceron progresivamente en torno ó concepto de clases sociais, aínda que isto non supuxo a igualdade económica, senón todo o contrario. A definición de **clase social** admite varios contidos. Por unha parte, os individuos pertencentes a unha clase

DOCUMENTO 10

O concepto de clase social

Non vexo a clase como unha estrutura, nin sequera como unha categoría, senón como algo que de feito ocorre (e pode demostrarse que ocorreu) nas relacións humanas. Se parámo-la historia nun momento concreto, entón, non hai clases senón simplemente unha multitude de individuos con multitude de experiencias. Pero se observamos a estes homes ó longo dun período adecuado de cambio social, decatámonos de que hai uns modelos nas súas relacións, nas súas ideas, nas súas institucións. Os homes definen a clase ó vivi-la súa propia historia e, ó final, esta é a única definición posible. [...] A clase toma realidade cando algúns homes, a consecuencia dunhas experiencias comúns (herdadas ou compartidas), perciben unha identidade de intereses e a articulan entre eles e en contra doutros homes cuns intereses que son distintos (e xeralmente opostos) ós seus.


E. P. THOMPSON

A formación da clase obreira inglesa, 1963

defínense pola súa posición económica común, o que permite diferenciarlos propietarios de bens (**capitalistas**) e os que só posúen a súa forza de traballo (**proletarios**). Pero tamén se deben ter en conta outros factores: as experiencias comúns, os lugares de sociabilidade e a súa capacidade de actuación de forma colectiva. A pertenza a unha clase será, pois, o froito dun proceso histórico e non da atribución estática á mesma. Non se «nace» nunha clase, senón que se «devén» membro da mesma. Algunhas denominacións sociais permaneceron (nobreza) e outras apareceron durante o século XIX (proletariado, burguesía), pero o seu contido cambiou progresivamente ó longo do século.

Esta situación orixinou múltiples debates sobre a estrutura social no século pasado. Para algúns autores, como A. Mayer, a hexemonía dos grupos sociais procedentes do período feudal, en especial da nobreza, aconsellaría defini-lo século XIX como de «persistencia do Antigo Réxime»; a permanencia das aristocracias que se manifesta na atribución da riqueza, nos gustos culturais e no control da vida política, sería máis determinante có ascenso da burguesía e das clases traballadoras. En cambio, para outros autores de tradición socialista (comezando por Marx e Engels), a división social fundamental na Europa do século XIX establécese entre burgueses e proletarios.

En conxunto, o universo social do século XIX caracterízase por unha secuencia de cambios, pero tamén de pervivencias, cando non de resistencias a estas transformacións. Desmanteláronse as limitacións herdadas do Antigo Réxime ata alcanzar á pro-



DOC. 11 Evolución dos salarios en Francia.

pia abolición da servidume en Europa oriental e en Rusia a partir do ano 1848, pero tamén permaneceron moitos obstáculos para facer efectiva unha mobilidade social baseada na capacidade, o traballo e o talento. A sociedade do século XIX caracterízase, en resumo, por acharse nun proceso de transición desde as estruturas feudais ata as propiamente burguesas e capitalistas, nunha dinámica que non se consolidou definitivamente ata a época da Primeira Guerra Mundial.

DOCUMENTO 12

Unha pequena cidade universitaria alemana de finais do século XIX

A burguesía de Marburgo dividíase en dúas castas: a sociedade e os que non formaban parte dela. Había un signo distintivo moi elemental que establecía se un individuo ou unha familia pertencían a unha ou a outra clase: os membros da asociación «Museum» constituían a sociedade, quen non pertencía a este círculo era persoa sen cualificación. Os representantes da autoridade, da Universidade, da administración municipal, do corpo de oficiais do *Jägerbataillon*, así como tódolos profesores universitarios e os comerciantes ricos eran membros da asociación. [...]

Pero tamén no seo da sociedade existían numerosos círculos máis restrinxidos que, pese a rivalizar entre eles por detalles, conformaban no seu conxunto unha xerarquía social interna dentro dunha estrutura inicialmente rixida e logo moi lentamente algo máis elástica.

WALTER BLOEM

Der krasse Fuchs, 1910

Os efectos do crecemento económico propiciado polo proceso industrializador non supuxeron un amortecemento das desigualdades económicas. A repartición da riqueza na Inglaterra victoriana (1885-1889) revela que existía un 87 % de persoas que se podían catalogar como pobres. Así mesmo, en Francia, en vésperas da Primeira Guerra Mundial, o 53,2 % da poboación non dispoñía de máis ca dun 2,5 % da riqueza total. Estas constatacións orixinaron un longo debate sobre os **niveis de vida** da poboación, como consecuencia da industrialización. As interpretacións foron contrapostas. Moitos insistiron nos efectos negativos da industrialización sobre as clases traballadoras. Pero tamén está admitido que a partir de mediados de século melloraron notablemente as condicións de vida e a capacidade adquisitiva dos obreiros europeos.

2. As elites dominantes: nobrezas e burguesías

Dous grandes grupos sociais ostentaban a hexemonía social na Europa do século XIX. Por unha parte, a nobreza titulada, procedente do Antigo Réxime e que ten na propiedade da terra a súa principal fonte de riqueza. Por outra parte, a burguesía ascendente, que combina a súa preeminencia no mundo dos negocios e da industria coa súa participación na tenencia da terra. Entre a vella nobreza terratenente e as grandes fortunas burguesas orixinouse, con frecuencia, un proceso de simbiose, de tal xeito que a nobreza acabou penetrando no ámbito dos negocios e a burguesía loitou polo seu ennobrecemento. De feito, multitude de títulos nobiliarios foron concedidos polos monarcas europeos durante todo o século XIX; así por

exemplo, concedéronse uns nove mil títulos no imperio austrohúngaro e máis de mil no imperio alemán desde 1871.

Ademais desta mutua confluencia, os dous grupos sociais presentaban outras características comúns. A máis evidente é, sen dúbida, a da súa heteroxeneidade, tanto social coma territorial. O peso da nobreza era diferente en Inglaterra e no continente e, dentro deste, moi distinto nos países occidentais e os orientais; o mesmo cabe dicir da burguesía, que tiña unha hexemonía que era evidente en Francia, pero menor en Alemaña e nos países mediterráneos.

Convén advertir que a permanencia da nobreza non era sinónimo de atraso económico. Polo contrario, nas dúas economías máis evolucionadas durante o século XIX, como son o Reino Unido e Alemaña, a nobreza logrou manter unha grande influencia económica, social e política.

■ As nobrezas europeas


A pesar das reformas agrarias realizadas na primeira metade do século XIX, as capas nobiliarias conseguiron reter grande parte dos seus ingresos e rendas de orixe territorial a cambio de perder os seus privilexios sobre as persoas (señoríos e xurisdicións). Ademais, a nobreza foi o principal viveiro para o recrutamento dos cadros dirixentes da administración pública civil (especialmente, a diplomacia) e militar. O seu prestixio facilitoulles así mesmo a participación activa no control da vida política, a través dos Senados e Cámaras Altas, xeralmente non electivas, que prevían a maioría dos sistemas constitucionais europeos.

A heteroxeneidade das nobrezas europeas é moi forte. En Inglaterra, os lores eran propietarios dos

DOC. 13

O recanto da mesa, de Fantin-Latour (1872).


Os parladoiros de intelectuais e artistas foron a expresión máis lograda da sociabilidade cultural.



dous tercios do territorio, do que obtiñan elevadas rendas agrarias e beneficios derivados da explotación das minas. Arredor de trescentas destas familias aristócratas inglesas posuían, cada unha, posesións de máis de catro mil hectáreas. En Francia, en cambio, a nobreza vírase fortemente afectada polas medidas revolucionarias, de modo que a súa posición como propietaria terratenente era menos sólida ca en Inglaterra. Sen embargo, en unión de sectores burgueses, formaba o grupo dos **notables** rurais, que exerceu o dominio da vida económica e política da Francia rural. Na Europa oriental, o peso da nobreza era enorme, tanto na Prusia dos grandes terratenentes (**junkers**) coma nos imperios austrohúngaro e ruso. E algo semellante sucedía nos países da Europa mediterránea, onde a alta nobreza latifundista do «Mezzogiorno» italiano ou do sur ibérico lograra manter as súas posicións herdadas do Antigo Réxime, aínda que para conseguilo tivo que acabar endebedándose ou facendo algúns pactos coas novas clases emerxentes, como reflicte a novela de Lampedusa, *Il gatopardo* (1958).

DOCUMENTO 14

Nobreza e propiedade da terra



En toda Europa, salvo en Francia, a inmensa maioría dos grandes terratenentes pertencía á grande ou á pequena nobreza. Ademais de exercer unha influencia de gravitación sobre os terratenentes non nobres, aquela elite consagrada polo tempo tiña moitas cousas que lle daban cohesión, que ían máis alá dun modo de produción e unha fonte de riqueza comúns. Os propietarios nobres de cada país tiñan as mesmas orixes, a mesma educación, o mesmo estilo de vida, a mesma mentalidade, o mesmo código de comportamento e as mesmas ideas políticas. [...]

Sobra dicir que a nobreza terratenente non era homoxénea en canto a berce, riqueza, posición social e visión do mundo. Cabe dicir que tiña tres compoñentes principais: a nobreza cosmopolita, rica, de liñaxe dinástica e antiga, que vivía nas capitais; a nobreza menor, con grandes e famosos terreos e cunha visibilidade e unha influencia a escala rexional; e os cabaleiros acomodados ou pobres, de horizontes e importancia meramente locais. Pero calquera que fosen as súas diferencias en canto á liñaxe, riqueza, residencia e escala de influencia, as elites agrarias estaban unidas por uns intereses materiais e unha visión do mundo comúns.

ARNO J. MAYER

A persistencia do Antigo Réxime, 1984



DOC. 15 *Os bos burgueses*, de Honoré Daumier.

A mediados de século, nos países máis desenvolvidos consolidáronse as clases medias. A súa imaxe de respectabilidade está determinada polos signos externos da súa posición.

Dentro do grupo nobiliario dun mesmo Estado había tamén grandes diferencias. Ademais da **alta nobreza**, existían outros sectores, frecuentemente compostos polos novos títulos concedidos no século XIX polas monarquías europeas. Pertencían a estes chanzos máis baixos da pirámide aristocrática a **gentry** inglesa ou unha extensa **nobreza local** moi arraigada no imperio dos Habsburgo.

Só nos gustos refinados e nos seus comportamentos e educación presentaba a nobreza europea unha certa uniformidade.

■ As burguesías

A heteroxeneidade da burguesía era, quizais, maior cá da nobreza. Durante a Idade Media, burgúes era o habitante dunha cidade ou burgo. Ó comezo da Idade Contemporánea a burguesía era o grupo en ascenso, capaz de adaptarse ás realidades máis diversas. A diversidade de campos nos que houbo de actuar dificulta unha definición tan homoxénea como a que tiña a nobreza en virtude dos seus títulos, prestixio social e honores atribuídos. Dentro do amplo planeta das burguesías, podemos distinguir varios grupos:

- En primeiro lugar, a **alta burguesía** dos negocios industriais, financeiros ou agrarios; as principais dinastías europeas da banca, a industria pesada e as comunicacións formaban parte deste núcleo, con nomes tan famosos como Krupp, Thyssen, Rothschild, Péreire ou Laffitte. A ela débese agrega-la burguesía agraria que, desde principios do século XIX, se asentou

con forza na sociedade rural europea. A difusión da propiedade agraria en mans da burguesía foi importante incluso en Prusia, onde a finais do XIX xa posuía unha porción de terras semellante á que posuía a nobreza (48 % das explotacións superiores a 100 hectáreas, fronte ó 44 % da nobreza).

- En segundo lugar, as **clases medias**: comerciantes, artesáns e notables rurais. En Francia a expresión **clases medias** foi moi empregada durante a primeira metade de século cun sentido político, para designar ós que estaban no «xusto medio» do despotismo aristocrático e da libertinaxe do populacho, e que, polo tanto, constituían a columna vertebral do sistema político liberal. En cambio, en Inglaterra a *middle class* designaba á burguesía industrial que se encontraba desprazada do ámbito aristocrático dos lores e a *gentry*.
- E, en terceiro lugar, a burguesía **culta** ou dos **profesionais**, formada por altos funcionarios, intelectuais e membros das profesións liberais. A denominada burguesía culta é unha expresión só aplicable plenamente ó caso de Alemaña, onde unha das vías máis sólidas para lograr-la mobilidade social foi a de lograr unha formación especializada en universidades ou centros de investigación, para logo incorporarse ó ámbito da administración ou á actividade empresarial. Tamén no mundo anglosaxón, especialmente nos Estados Unidos, floreceu con forza esta modalidade de ascenso social. Unha parte deste grupo social acabaría confundido cos *white collars* xurdidos da aristocracia obreira desde finais do XIX.


3. As clases traballadoras: campesiños e obreiros

■ Os campesiños

A pesar da industrialización e do éxodo rural cara ás cidades ou cara a América, a Europa do século XIX continuou sendo en grande medida un continente de **campesiños**. A condición de campesiño non viña determinada unicamente pola ocupación na actividade agraria, senón tamén polos seus estilos de vida, baseados na comunidade (aldeas e vilas).

A situación do campesiñado europeo é moi diversa. En Occidente o campesiño foise convertendo progresivamente en **agricultor**, gracias á súa condición de propietario cultivador directo ou en réxime de grande arrendo: é o caso de Francia e rexións europeas limítrofes. En cambio, o campesiño da Europa oriental permaneceu baixo o réxime de servidume ata mediados do XIX, que é cando se produciu a abolición da mesma (1848 no imperio austrohúngaro e 1861 no imperio ruso).

Cara a finais de século, no marco da crise agraria finisecular, acelerouse o proceso de destrución das formas de vida campesiñas. Pero a «desagrarización» da sociedade europea non se completou de forma plena ata o período posterior á Segunda Guerra Mundial.



DOC. 17 A gaveladora, de Van Gogh.

O campo permaneceu inmóbil en moitos aspectos técnicos e sociais durante o século XIX.


DOCUMENTO 16

A clase obreira inglesa en 1845, segundo o informe de Engels

Resumindo os feitos expostos: as grandes cidades están principalmente habitadas por obreiros; estes obreiros non teñen ningunha propiedade e viven do salario que case sempre pasa da súa man á súa boca. Cada obreiro, aínda o mellor, está sempre suxeito a que lle falte o pan, é dicir, á morte por fame, e moitos sucumben; as vivendas dos obreiros están xeralmente mal agrupadas, mal construídas, mantidas en pésimo estado, mal ventiladas, son húmidas e malsás; os inquilinos están encerrados no máis estreito espazo e, na maioría dos casos, nunha peza dorme polo menos unha familia; os alimentos son malos, frecuentemente case incohibles e tamén, polo menos por períodos, insuficientes, de modo que na maioría dos casos o obreiro morre por fame.

F. ENGELS

A situación da clase obreira inglesa, 1845



DOC. 18 Repartición do salario obreiro.



DOC. 19 Fundición da fábrica Krupp en Alemaña en 1873.

O mundo da siderurxia alemá forxou verdadeiras familias de empresarios industriais, piares da Alemaña de Bismarck.

■ Os obreiros

O contrapunto á emerxencia social das burguesías foi a configuración dunha variada gama de traballadores, urbanos, industriais ou de servizos, que tendéron a ser clasificados como **proletariado** ou como **clases traballadoras** (*working classes*). O denominador común destes traballadores era a súa condición de ser asalariados, pero a súa diversidade interna é tanta ou maior cá percibida noutros grupos sociais. No seo da clase obreira estaban non só os traballadores da grande industria fabril (técnica, siderúrxica e mineira), senón os traballadores a domicilio, os criados do servizo doméstico (que eran entre un 15 e un 20 % das poboacións urbanas), os traballadores eventuais ou ambulantes e os traballadores de oficios que podían confundirse cos vellos artesáns reunidos en gremios.

Aínda que a ocupación na industria foi historicamente máis forte na economía europea ca en ningunha outra rexión do mundo, durante o século XIX a ocupación laboral nas grandes fábricas era un feito minoritario. Calcúlase que en 1831 había en Gran Bretaña máis de doce millóns e medio de traballadores, dos que só medio millón traballaba en fábricas. E en 1851, no cume da súa consideración como «taller do mundo», Inglaterra tiña máis ferreiros ca obreiros siderúrxicos. O traballador de oficio mantívose, pois, con grande vigor na Europa do século XIX e isto explica boa parte da historia do sindicalismo europeo, que nas súas orixes é, sobre todo, unha agrupación por oficios.

Esta variada gama de ocupacións admitía tamén varias diferenzas de nivel provocadas por unha incipiente mobilidade social. Nesta mobilidade influían con frecuencia razóns de carácter étnico ou relixioso. As peores ocupacións adxudicáronse ós inmigrantes

–irlandeses en Inglaterra ou polacos en Alemaña–. Algo parecido sucedeu en América, onde cada nova ondata de inmigrantes substituíu ás escalas sociais máis baixas. Dous grupos sobreexplotados foron as mulleres e os nenos, que percibían salarios moi inferiores ós dos homes adultos (en torno á metade). Pouco a pouco foise formando un grupo de traballadores cualificados que acabaron por constituí-la **aristocracia obreira**, dada a súa capacidade de mellora dos seus niveis salariais e de incorporarse a tarefas propias do sector servizos (xestión, administración pública).

DOCUMENTO 20

As condicións de vida dos obreiros de Lille

Os máis pobres viven nos sotos e nos celeiros. Estes sotos non teñen ningunha comunicación co interior das casas. Ábrense á rúas ou ós patios, desde onde se baixa por unha escaleira que a miúdo é ó mesmo tempo a porta e a fiestra. Están construídos con pedras ou ladrillos, abovedados ou en baldosas, e todos teñen unha chimenea, o que proba que foron construídos para servir de vivenda. É nestes tristes e sombríos cuartos onde come, dorme e incluso traballa un grande número de obreiros. O día, para eles, chega unha hora máis tarde ca para os demais, e a noite, unha hora antes.

O seu mobiliario ordinario componse dunha sorte de armario ou dun andel para coloca-los alimentos, dun forno de terra cocida, algúns cacharros dunha pequena vaixela, dúas ou tres cadeiras e un sucio catre que ten por únicas pezas un xergón e uns farrapos de mantas.

J. VILLERMÉ

Tableau de l'état physique et moral des ouvriers employés dans les manufactures de coton, de laine et de soie, 1840

3 Pensamento social e organización obreira

As grandes ideoloxías do século XIX foron o liberalismo, o nacionalismo e o socialismo. Este último é a decantación dunha serie de ideas de longa tradición no pensamento europeo e de novas realidades xurdidas no curso da revolución industrial e da construción das sociedades políticas liberais. O socialismo naceu movido pola idea de igualdade social e de fraternidade universal.

1. Doutrinas sociais

A preocupación pola situación dos traballadores, en especial pola clase obreira, foi simultánea co avance da industrialización e a transformación da sociedade que xurdiu das revolucións liberais. A ruptura da orde feudal provocou unha toma de conciencia sobre os efectos máis visibles destes cambios: inxustiza social e, sobre todo, pobreza, o que orixinou unha longa tradición de estudo do **pauperismo** e das súas causas.

As doutrinas sociais non comezaron a ser sistematizadas ata os anos 1820 e 1830, cadrando coas revolucións liberais daqueles anos. A palabra empregada para designar esta denuncia das inxustizas provocadas pola sociedade industrial e polo avance do capitalismo foi a de **socialismo**, que comeza a ser usada nesta época para contrapoñela ó termo «individualismo».

■ O socialismo utópico

As primeiras teorías socialistas chamaban a atención máis sobre os efectos do capitalismo ca sobre as causas que provocaban esta situación de pobreza e miseria entre os traballadores. As súas propostas

centrábanse na defensa de accións filantrópicas ou caritativas. É a época dos **socialistas utópicos**, que imaxinaban solucións ideais para remediar esta situación. Así xurdiron diversas propostas:

- a do francés **Saint-Simon**, cuns discípulos que fundaron o mosteiro de Mênilmontant, onde cada un traballaba segundo a súa capacidade;
- a do tamén francés **Charles Fourier**, que fundou comunidades agrícolas autosuficientes, ás que denominou «falansterios»;
- a creación dunha nova cidade, denominada «Nova Harmonía», polo inglés **Robert Owen**.

Estas propostas tiñan en común a preocupación pola igualdade social, aspiración que se podería alcanzar mediante unha nova repartición dos froitos do traballo, que se realizaría en forma colectiva.

O tránsito destas doutrinas de carácter utópico ás denominadas por Engels como socialismo **científico** sucedeu na década de 1840. Na maduración do pensamento socialista combináronse tres grandes tradicións ideolóxicas e políticas: a potencia teórica de pensadores procedentes do mundo alemán, a experiencia política forxada nas loitas revolucionarias en Francia e o coñecemento da economía capitalista inglesa. Desde aquela, dúas grandes correntes ideolóxicas dominaron a historia do movemento obreiro: o marxismo e o anarquismo.

■ O marxismo

O **marxismo** é a ideoloxía elaborada por K. Marx e F. Engels desde a década de 1840 e que se recolle en obras de carácter propagandístico, como o *O manifesto comunista* (1848), e en análises precisas como *O capital*.


DOC. 21

Monxes sansimonianos de Mênilmontant (1831).



Da ampla achega teórica do marxismo, cabe destacar dous puntos. O primeiro é a **concepción da sociedade capitalista como un antagonismo entre clase burguesa e clase obreira**, do que se deriva o principio de que o proletariado só poderá derrocar á burguesía mediante a conquista do poder político. Esta posición, progresivamente fortalecida no seo do movemento obreiro internacional, desembocou na creación dos partidos políticos obreiros e na postulación dunha sociedade futura, de carácter comunista, concibida como alternativa á sociedade capitalista e burguesa.

O segundo punto importante do marxismo é a súa **análise crítica da economía capitalista**. Esta análise leva ó marxismo a identifica-la causa da miseria obreira na apropiación polo capitalista de parte do produto producido polo traballo do obreiro. É a **plusvalía** que os propietarios dos medios de produción logran de quen unicamente dispoñen da súa forza de traballo. De aquí deriva outra conclusión importante: a superación da opresión da clase obreira só se pode lograr mediante a **supresión da propiedade privada** dos medios de produción e a súa conversión en propiedade colectiva. Para conseguir este obxectivo será precisa unha revolución social, previa ó establecemento dunha sociedade sen clases, onde se debe conquista-lo poder político do Estado e implantar, de forma temporal, unha **dictadura do proletariado**.



DOC. 22 K. Marx.



DOC. 23 J. Proudhon.

■ O anarquismo

O **anarquismo** fundaméntase menos na organización do partido obreiro e máis na capacidade do individuo para logra-la súa liberdade e unha relación igualitaria cos seus semellantes. O seu rexeitamento da autoridade desemboca na negación do Estado como forma política e na abolición da propiedade privada, considerada como un roubo. Esta tradición arrinca das utopías igualitarias do século XVIII e al-

DOCUMENTO 24

A loita de clases

Toda a historia da sociedade humana, ata hoxe, é unha historia da loita de clases. [...] A sociedade burguesa que se alza sobre as ruínas da sociedade feudal non aboliu os antagonismos de clase. O que fixo foi crear novas clases, novas condicións de opresión, novas modalidades de loita, que viñeron substituí-las antigas.

Sen embargo, a nosa época, a época da burguesía, caracterízase por simplificar estes antagonismos de clase. Hoxe, toda a sociedade tende a separarse, cada vez máis abertamente, en dous grandes campos inimigos, en dúas grandes clases antagónicas: a burguesía e o proletariado.

K. MARX, F. ENGELS
O manifesto comunista, 1848

canzaron no século XIX expresión nas obras do francés **Proudhon** e, posteriormente, nas dos rusos **Bakunin** e **Kropotkin**.

O enfrontamento entre marxismo e anarquismo, nas súas diversas variantes, estará presente nos grandes debates do movemento obreiro da segunda metade do século XIX, especialmente durante a época da Primeira Internacional.

2. As primeiras accións colectivas

Ata mediados do século XIX o movemento obreiro careceu dos instrumentos que posteriormente constituíron a súa principal base organizativa: o sindicato e o partido político, así como a solidariedade expresada nas internacionais obreiras. No medio século anterior ás revolucións do ano 1848 produciuse un proceso de configuración das estratexias organizativas do movemento obreiro. Estas primeiras estratexias presentan relacións evidentes coa tradición de loita de artesáns e traballadores dos gremios no século XVIII. A primeira metade do século foi un período en que os obreiros da cidade (e, eventualmente, tamén os do campo) trataron de responder ó xurdimento das novas estruturas económicas e políticas do capitalismo industrial e do liberalismo político, a través de aspiracións utópicas que tiñan a súa principal amálgama en valores como a solidariedade e a confianza no progreso.

As primeiras accións das clases traballadoras desenvóléronse nun contexto de prohibición do asociacionismo, a través de leis como a **Lei Chapelier** en Francia (1791) e as **Combination Acts** en Inglaterra (1799). Isto obrigou ós traballadores a combinar formas de loita violentas e propias do Antigo Réxime, como a revolta e o motín, con accións colectivas cada vez máis organizadas.

DOC. 25

Folga en La Creusot (1899), de Jules Adler.

A folga converteuse, co desenvolvemento do movemento obreiro, no principal instrumento de loita e de transformación social.



■ O ludismo

Unha das manifestacións máis importantes da loita obreira concretouse no combate contra os efectos do maquinismo, dado que a introducción de máquinas supoñía ou ben a perda do traballo ou a necesidade de superar organizacións gremiais moi poderosas, como a dos tecedores. Durante as décadas de 1810 e 1830 desenvóléronse en Inglaterra dous movementos sociais coñecidos polos seus dous líderes anónimos: Ludd e Swing. Os **luditas**, seguidores do supos-

to tecedor Ludd, estaban integrados por tecedores e traballadores téxtiles que lograron destruír entre 1811 e 1816 unha importante cantidade de teares mecánicos en zonas do centro de Inglaterra; en 1830, os seguidores do **capitán Swing** lograron así mesmo destruír unha gran cantidade de malladoras introducidas recentemente na agricultura inglesa.

As dúas son manifestacións intermedias entre a *jacquerie* rural de tradición medieval e a acción colectiva propia da sociedade industrial. Os luditas utilizaban a intimidación enviándolles cartas ameazantes ós patronos, ó tempo que efectuaban **peticións** dirixidas ó Parlamento. A súa acción dista moito de ser simplemente unha reacción contra a introducción das máquinas. Reclamaban tamén melloras nos seus salarios e condicións de traballo máis adecuadas.

Noutras partes do continente europeo producíronse movementos similares. Houbo conflitos de carácter ludita en varias épocas e lugares, desde a Normandía francesa ata o Mediterráneo español (casos de Alcoy –1821– e Barcelona –1835–). A máis famosa foi a revolta dos tecedores de Silesia no ano 1844.

■ O cartismo

Pero a expresión máis elaborada de acción colectiva da clase obreira durante esta primeira metade do século XIX foi o movemento cartista inglés. O **cartismo** toma o seu nome da **Carta do Pobo**, documento redactado en 1838 e dirixido ó Parlamento británico, onde se recollían os seis puntos que reivindicaban e que, en substancia, supoñían unha reforma electoral e un programa de carácter democratizador. A novidade do cartismo estaba en que aspiraba a reformar a situación da clase obreira mediante a vía electoral e

D DOCUMENTO 26

O levantamento dos tecedores de Silesia en 1844

Un grande número de tecedores saíron ás rúas de Nieder-Peterswaldau e arrastraron na súa marcha a tódolos tecedores da zona. Posteriormente, dirixíronse a Kapellenberg, non moi lonxe de alí e, formados en fila de dous, trasladáronse á nova residencia das Zwanzingers. Esixíronlles mellores salarios e ¡un obsequio! Con burlas e ameazas negáronlles todo o que pedían. Non pasou moito tempo antes de que a multitude furiosa asaltase a casa, forzando cuartos, cámaras acorazadas, faiados e bodegas, destruíndoo todo, desde as espléndidas vidreiras, cornucopias, candelabros, estufas de cerámica, porcelana e mobles, ata escaleiras; esnaquizaron libros, letras de cambio e documentos, penetraron na segunda residencia, nas cocheiras, nos secadeiros, ata nas máquinas de escorre-los tecidos, nos almacéns, e botaron mercadorías e as existencias polas fiestras. [...] Só o exército, a infantaría e a artillería e incluso, por último, a cabalería impedíronlles ós tecedores seguir resistindo.

M. GORMAN
A unificación alemana

parlamentaria, para conseguí-la abolición das *Poor Laws* (leis de pobres) de 1834 e a modificación das condicións de traballo na industria: salarios, xornada de traballo, etc.

Aínda que non lograron que o Parlamento aprobase as súas peticións, a experiencia cartista resultou decisiva para a historia posterior do movemento obreiro británico, xa que vinculou estreitamente a acción dos traballadores con obxectivos políticos xerais.

■ O contido social das revolucións do 48

A primeira fase de loita pola emancipación dos obreiros terminou coas revolucións de 1848. En diversas capitais europeas (París, Viena, Berlín) os traballadores participaron activamente na loita revolucionaria. En Francia, o socialista **L. Blanc**, como membro do goberno revolucionario, creou os **talleres nacionais**, institución que aspiraba a organiza-lo traballo en forma de cooperativas xestionadas directamente polos obreiros. Pero a experiencia durou só uns meses.

O fracaso das revolucións de 1848 tivo importantes consecuencias para o movemento obreiro, ó facer evidente que para modifica-la situación cumpría fortalecer-la organización independente das clases traballadoras. Comezou así o proceso de afirmación do movemento obreiro a partir de dous piares: o sindicato e, sobre todo, o partido obreiro.

3. Sindicatos e partidos obreiros

Os dous obxectivos básicos dos traballadores eran a modificación das súas condicións de traballo e niveis de vida, por unha parte, e a conquista de dereitos políticos e sociais, pola outra. Ó primeiro obxectivo respondía a organización dos sindicatos. Para logralo segundo era necesario outro instrumento: foi así como naceron os partidos socialistas, socialdemócratas, laboristas ou obreiros. A súa fundación foi posterior á aparición dos sindicatos xerais, pero están intimamente vinculados a eles.

■ Os sindicatos


As primeiras organizacións obreiras foron de dous tipos: **mutualista** e **cooperativo**. Ámbalas modalidades tiñan por obxectivo dotar de maior fortaleza ó grupo e amortecer-las riscos derivados de accidentes, gastos excepcionais ou perda do traballo, polo que recibían o nome de sociedades de «socorro mutuo».

O paso seguinte foi a creación de **sindicatos**, que constituíron a forma máis elaborada e xeral de organización do movemento obreiro, dado que reunían con frecuencia moitas destas estruturas asociativas primitivas.

O sindicalismo tiña algúns precedentes na primeira metade do século XIX, pero a súa consolidación produciuse na segunda metade de século, cando se recoñeceu legalmente; isto sucedeu en Inglaterra desde 1871 e en Francia desde 1884. A partir da década de 1880, os sindicatos estabilizáronse como institucións imprescindibles na regulación das relacións laborais, especialmente na industria. Nese momento naceu o «obreiro consciente», que confiaba a mellora da súa situación á forza dunha organización.

Os modelos sindicais foron moi diferentes segundo as tradicións de cada país. En xeral, pódese dicir que nas súas primeiras expresións predominou o **sindicato de oficio**, que reunía a un tipo de traballadores cualificados e especializados. Posteriormente, foise abrindo paso o **sindicato de industria**, que agrupaba a tódolos traballadores dun mesmo sector, con independencia da súa cualificación.

En Gran Bretaña, o sindicalismo partiu inicialmente das agrupacións de oficios para terminar nunha organización de nivel nacional, o **Trade Unions Congress (TUC)**, constituído no ano 1868. A finais de século, o TUC contaba con máis de tres millóns de afiliados. En Francia non apareceu ata 1895 unha **Confédération Générale du Travail (CGT)**, mentres que en Estados Unidos se constituíu en 1886 o **American Federation of Labor (AFL)**. En Alemaña, F. Lasalle funda en Leipzig, en 1863, a **Asociación Xeral de Traballadores Alemáns**. A organización sindical das clases traballadoras foi, pois, un fenómeno xeral desde o último tercio do século XIX. A firmeza mostrada nas reivindicacións logrou avances importantes na transformación das sociedades industrializadas de final de século. A loita pola **xornada de oito horas**, así como a celebración da festa cívica do **Primeiro de Maio** desde o ano 1890 son dous exemplos desta capacidade de acción do sindicalismo obreiro.



DOC. 27 Mitin de Jean Jaurés, unha das figuras emblemáticas do socialismo francés.

Pacifista convencido, foi asasinado por un nacionalista exaltado en 1914.



DOC. 28 Combate na Praza da Concordia (23 de maio de 1871).

A «Comuna» de París de 1871 foi a última grande revolución do século XIX e provocou unha fonda impresión sobre a mentalidade dos contemporáneos e sobre o movemento obreiro.

■ Os partidos obreiros

A organización partidaria máis poderosa foi o **Partido Socialdemócrata (SPD)** alemán, fundado en 1875 na cidade de Gotha a partir da fusión de dous partidos socialistas preexistentes, os de **F. Lasalle** e de **K. Liebknecht**. A súa participación na vida política alemá caracterizábase por dous feitos:

- O crecente peso electoral, que alcanzou a un tercio dos deputados do Reichstag en vésperas da Primeira Guerra Mundial. Isto propiciou a conquista dunha lexislación social moi avanzada, o máis claro precedente do «Estado de benestar» do século XX.
- A súa «integración negativa» na estrutura política e social da Alemaña guillermina, ata o punto de negarlle todo tipo de participación nos gobernos, na confianza de que a construción dunha nova sociedade unicamente sería posible cunha hexemonía social e política do socialismo.

O outro gran partido político fundado neste período sobre os ombros da organización sindical foi o **Partido Laborista** británico (*Labour Party*), do que a súa fundación en 1905 por **R. MacDonalde** foi apoiada coa afiliación colectiva dos membros das Trade Unions. Os obreiros ingleses desprendíanse así da súa participación política a través do partido liberal, para construír unha organización propia. O éxito electoral do laborismo foi unha das grandes novidades do período de entreguerras.

A socialdemocracia alemá exercceu unha considerable influencia no imperio austrohúngaro, nos países escandinavos e incluso en España, onde o **Partido Socialista Obreiro Español (PSOE)** foi fundado en 1879 polo tipógrafo **Pablo Iglesias**. Pola súa parte, o laborismo inglés difundíuse amplamente nos países integrados na Commonwealth británica.

4. As Internacionais obreiras

O internacionalismo do movemento obreiro é unha aspiración forxada na mítica da Revolución francesa e acrecentada polo socialismo utópico e o pensamento romántico. O seu fundamento está na práctica da solidariedade dos traballadores, expresada con frecuencia na acollida de exiliados e na axuda mutua.

■ A AIT

A primeira organización que materializou a idea foi a **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**, fundada no St. Martin's Hall de Londres en 1864. Foi froito do intenso contacto establecido entre obreiros franceses e ingleses desde principios da década de 1860. A AIT é a primeira dunha serie de organizacións que marcaron a pauta do movemento obreiro e do socialismo no mundo ata a Segunda Guerra Mundial.

Na fundación da AIT participaron tendencias moi diferentes, desde seguidores de Proudhon ata cartistas, owenistas, tradeunionistas e comunistas alemáns. Pero o papel máis decisivo correspondeulle a K. Marx, que redactou o manifesto fundacional e os Estatutos, nos que se insistía no carácter central que para a clase obreira tiña a conquista do poder político como medio para lograla súa emancipación económica e social.

A AIT organizouse en federacións nacionais que actuaban a modo de **seccións** en cada un dos países. Un **Consello xeral**, elixido nos congresos anuais da organización, coordinaría a actividade da AIT. Os países nos que a AIT gozou dunha maior presenza foron Francia e Bélxica e, a partir de 1870, España e Italia.

A evolución da AIT estivo chea de problemas internos, dado o enfrontamento ideolóxico existente entre partidarios e contrarios á intervención da AIT na vida política. En contra da posición de carácter «politicista» defendida polos seguidores de K. Marx colocáronse, nunha primeira fase, os proudhonianos e, despois do Congreso de Basilea (1869), os seguidores de M. Bakunin, defensores do anarquismo. As ideas bakuninistas de defensa da igualdade, de rexeitamento do Estado e de esperanza na insurrección



DOC. 29 Cartel en petición das oito horas, principal reivindicación do movemento obreiro internacional no cambio de século.

proletaria como medio para logra-la emancipación da clase obreira exerceron unha particular influencia en España, onde a tradición bakuninista orientou de forma maioritaria o movemento obreiro contemporáneo.

A AIT terminou a súa actividade en Europa no ano 1872, aínda que formalmente perviviu en Estados Unidos ata 1876. Na súa disolución final interviñeron diversos factores. Ademais do forte enfrontamento entre marxistas e bakuninistas, a derrota da **Comuna de París** (1871) e a represión que na maioría dos países europeos se desatou sobre as organizacións obreiras acabaron por debilita-lo movemento internacionalista.

Como principal herdanza da AIT quedou a división ideolóxica entre anarquismo e socialismo. O anarquismo oscilou desde aquela entre a táctica «insurreccional» de Bakunin e a «colectivista» de Kropotkin; o marxismo, termo que se empezou a cuñar precisamente nesta época (1895), converteuse no eixe do socialismo. A forza do marxismo estribaba, como observa E. Hobsbawm, en que K. Marx ofrecelles ós traballadores «a seguridade, similar á que noutros tempos proporcionara a relixión, da inevitabilidade histórica do seu triunfo definitivo». Esta posición fortaleceu a tendencia á creación de partidos políticos obreiros, independentes dos partidos burgueses, que debían prepara-la clase obreira para o acceso ó poder mediante a imposición da dictadura do proletariado.

■ A Segunda Internacional

A **Segunda Internacional** foi fundada no ano 1889 en París. Constituíuse na grande organización obreira mundial, a pesar de que non integraba ós anarquistas, que foron violentamente expulsados da organización nos congresos de Zúric (1893) e Londres (1898).

A súa organización era menos ríxida cá da AIT ó ser concibida como unha federación de organizacións nacionais, fosen sindicatos ou partidos. O partido máis influente foi o socialdemócrata alemán, que estableceu a orientación doutrinal da Segunda Internacional.

Pero tampouco esta Segunda Internacional estivo libre de debates ideolóxicos internos.

- Por unha parte, estaba a tendencia máis ortodoxa e centrista, representada por **K. Kautsky**, que defendía o carácter inevitable do derrubamento do capitalismo e, polo tanto, unha posición de quietude e espera. Posición que revela a expresión kautskiana que define o SPD como un «partido que, aínda que é revolucionario, non facía a revolución».
- Por outra parte, a tendencia **revisionista** que ten en **E. Bernstein** o principal expoñente, e que defende a necesidade de actuar directamente na vida política para lograr reformas sociais, o que supoñía establecer alianzas do socialismo con partidos non obreiros.

As posicións revisionistas foron rexeitadas contundentemente (Congreso de Stuttgart, 1907) e de feito, en toda Europa, ningún político socialista participou nos gobernos burgueses (agás o caso de Millebrand en Francia). Este paso será dado por primeira vez na época de entreguerras.

■ A crise do internacionalismo

Entre 1914 e 1917 producíronse dous acontecementos decisivos para a evolución do internacionalismo obreiro: a Primeira Guerra Mundial e a revolución soviética.

A guerra foi o grande axente divisor do movemento obreiro ó implicar ós partidos socialistas na defensa das posicións dos seus respectivos países. Así como a guerra franco-prusiana e a Comuna parisiense esnaquizaron a Primeira Internacional, a Segunda é liquidada na gran guerra europea.

Pola súa parte, o triunfo da revolución en Rusia abría un interrogante dentro do movemento obreiro sobre cál das vías debía seguirse, a bolxevique revolucionaria ou a reformista. Este debate volveu dividir ó internacionalismo unha vez terminada a Primeira Guerra Mundial, e provocou a escisión dos partidos comunistas a partir dos socialistas e a creación da **Terceira Internacional**.

Feitos e relacións

1. Describe as fases da transición demográfica que se produciu en Europa no século XIX e analiza as súas causas e as súas consecuencias.

2. Responde:

- ¿Que cambios ocorreron na estrutura familiar e na estrutura ocupacional da poboación? ¿Como influíu nestes cambios a industrialización? ¿Como influíu á súa vez a nova estrutura social sobre a aceleración do proceso industrializador?

3. Elabora un mapa sobre a emigración a América e responde:

- ¿Cales son as causas do desprazamento da poboación europea a América?
- ¿Cales foron os principais países emisores? ¿En que fases o foi cada un deles?
- ¿Que países recibiron a maior cantidade de poboación? ¿Por que?

4. Fai unha pirámide social da sociedade do século XIX e responde:

- ¿Que tipo de sociedade era a do século XIX? ¿Cales eran as principais semellanzas e diferencias coa do Antigo Réxime?
- ¿Cales eran os grupos privilexiados? ¿Que diferencias económicas e de estilo de vida percibes entre eles?
- ¿Quen eran os grupos dominados? ¿Cales eran os principais problemas ós que se enfrontaban?

5. Compara as diferentes doutrinas sociais do século XIX:

	IDEÓLOGOS	IDEAS	MEDIOS DE ACCIÓN
Socialismo utópico			
Marxismo			
Anarquismo			

6. Explica a evolución nas reivindicacións e medios nas seguintes accións colectivas:

- Ludismo.
- Cartismo.
- Revolucións de 1848.
- Folgas de finais do século XIX.

7. Responde:

- ¿Cales eran os principais sindicatos e partidos obreiros no século XIX?
- ¿Que foi a AIT? ¿Que éxitos e fracasos tivo?

Análise de documentos

1. Documento 7.

- Explica os principais cambios que se produciron en París ó longo do século XIX, así como as súas causas e consecuencias.

2. Documento 8.

- ¿Como caracterizou o francés Alexis de Tocqueville á sociedade americana da súa época?
- ¿Cales eran as principais diferencias da sociedade americana respecto á europea? ¿A que cres que é debido?

3. Documento 14.

- ¿Cal era a posición da nobreza no século XIX? ¿Era unha clase perdedora ou gañadora co novo réxime?
- A nobreza, ¿era unha clase homoxénea? ¿Que diferencias se observaban nela?

4. Documento 16.

- ¿Como vivía a clase obreira en Gran Bretaña en 1845?
- ¿Cres que esta visión coincidiría coa que daría un burgués?
- ¿Que fixeron os obreiros para mellora-las súas condicións de vida e traballo?

5. Documento 30.



- ¿Que representa a caricatura?
- ¿Como representa a cada unha das figuras? ¿Por que?
- ¿Que opinaría un obreiro ó vela? ¿Que opinaría un burgués?